

Dereito de folga

O dereito de folga é un dereito recoñecido constitucionalmente. Calquera actividade tendente a impedir ou limitar este dereito pode ser constitutiva de delito e falta moi grave.

Procedemento

Unha folga pode ser convocada por:

- Acordo, en reunión conxunta dos representantes dos traballadores e traballadoras, por maioría, levantando o acta correspondente.
- Por votación dos propios traballadores e traballadoras cando así o propoñan, por maioría simple e en votación secreta.
- Por acordo adoptado polas organizacións sindicais con implantación no sector.

Dado que a educación é un servizo público, deberá preavisarse cunha antelación de 10 días.

Servizos esenciais ou mínimos

Ao se tratar dun servizo público, a Consellaría de educación pode fixar, mediante Orde, os servizos esenciais para garantir o dereito fundamental á educación. Antes de fixar estes mínimos debe cumprirse o preceptivo trámite de audiencia ao Comité de folga.

Descontos

A retribución a descontar por cada día de folga comprende o salario da xornada e determinados concertos de "salario diferido" entre os que se inclúe a parte proporcional das gratificacións extraordinarias e a parte proporcional correspondente á retribución do descanso semanal. Os festivos e fins de semana non se descontan, a non ser que estean dentro do período de folga. Se a folga é por horas, haberá que calcular o valor-hora correspondente; se é por días comprende todas as horas que o funcionario ou funcionaria tivese que cumprir de media cada día, independentemente de que ese día concreto só tivese un número determinado de horas.



Normativa:

Art. 28.2 da Constitución española.

R.D.L. 17/77.

Disposición adicional decimo segunda da Lei 30/1984 de medidas para a reforma da función pública.